

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 8 CINTA 4



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0004_008_en_0_37_39_id632_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0004_008_en_0_37_39_id632.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o oitavo corte dos que se divide a cuarta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante explica o significado de “seifa” ou tempada da pesca.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas.

PALABRAS CHAVE

mar, tempada de pesca, mariñeiro, sardiña, Portugal, embarcación a motor, aparello

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 8 DA CINTA 4

P: ¿A seifa que é o que lle chaman á seifa?

R: A seifa é a terminación da campaña que se terminou.

P: Normalmente que acababa sobre o outono, ou no inverno.

R: No inverno. No inverno porque eran barcos de pouco tipo ¿non? E con un pouco de vento xa non salían.

P: A seifa practicamente que viña dende a primavera hasta o inverno.

R: Si, disde...

P: Marzo ou abril.

R: En agosto terminaba.

P: Acababa así, acababa coa sardiña máis ou menos.

R: Si porque en agosto, solía marchar esa sardiña á costa de Portugal, entonces a Portugal non se iba a pescar. Foi cando empezaron a vir despois os barcos de máquina, e os armadores a xuntar dous ou tres aparellos para ir a pescar á costa de Portugal, entonces as traineras varábanse, quedaban varadas.